

Premisas de partida de CIG-Saúde para a *Renegociación da Dedicación Exclusiva dos Facultativos*

1. A dedicación exclusiva é boa para o sistema sanitario público e debe ser mantida e potenciada.
2. O actual sistema de dedicación debe ser modificado dun xeito pactado na mesa sectorial.
3. O novo sistema de dedicación exclusiva que se pacte debe ter, como unha das súas características, a de poñer tempo de traballo de facultativos a disposición do sistema sanitario público. Ese novo tempo de traballo, sobre todo en moitas especialidades nas que hai déficit de profesionais, é imprescindible para poder atender as cada vez maiores demandas da poboación e a unhas listas de espera claramente excesivas. Paralelamente, tamén permitirá incrementar o tempo útil de actividade de moitas infraestruturas e recursos técnicos hoxe infrautilizados na sanidade pública. En termos prácticos isto significa basicamente gañar horas de actividade de tarde, sobre todo asistencial, pero tamén docente ou investigadora.
4. A nova exclusiva que se estableza deberá retribuír, aos profesionais que opten por ela, o seu compromiso de só traballar na pública, mais debe tamén retribuír a súa aceptación a realizar un certo incremento da xornada, a realizar basicamente polas tardes, de forma independente e compatible coa específica compensación do propio traballo realizado nesa prolongación de xornada.
5. A renegociación do actual réxime de exclusiva en ningún caso poderá supoñer unha redución das actuais retribucións directamente ligadas á dedicación exclusiva. Calquera incremento retributivo que, nesa renegociación, acaden os profesionais que non teñan exclusiva debe ir acompañada dun incremento retributivo cando menos similar para os médicos que opten pola exclusiva.
6. A adscrición á nova exclusiva será voluntaria, e ningún facultativo que na actualidade teña exclusiva verá reducidos os seus ingresos polo feito de non optar pola nova oferta de exclusiva que se pacte.
7. Unha posible reordenación da actividade de tarde, ligada ao establecemento dunha nova exclusiva, debe incluír alternativas aos actuais programas de autoconcertación e de exención de gardas.
8. A esixencia da dedicación exclusiva debe ser un requisito para acceder a postos de xefatura e coordinación nos servizos sanitarios públicos.